

Programa de acollida
curso 21/22
CPR Ayala

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. COMUNICACIÓNS PARA PREPARAR O CURSO 21/22.	2
3. NOVA ORGANIZACIÓN DO CENTRO CARA O CURSO 21/22.	3
4. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN	9
5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.	12
6. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL E SE FORA O CASO NON PRESENCIAL.....	12

1. INTRODUCCIÓN.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elabora este “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro.

2. COMUNICACIÓNS PARA PREPARAR O CURSO 21/22.

Nun primeiro intre realizase unha reunión do equipo directivo co consello reitor do CPR Ayala para tratar as medidas que teranse que desenrolar o longo do vindeiro curso 21/22. Esta reunión ten lugar no mes de agosto de xeito presencial e trátanse os seguintes temas:

- Protocolo COVID
- ANEXO V do protocolo
- ANEXO VI do protocolo “Plan de continxencia”
- Medidas relacionadas coa hixiene COVID.

Nesta reunión decídese que nos primeiros días de setembro teña lugar una reunión do claustro de profesores onde se expliquen todas as novidades relativas ao novo curso. Esta reunión terá lugar por etapas educativas para poder garantir as medidas hixiénicas e a distancia de seguridade. Infórmase das normas para as titorías, reunións dos profesores, departamentos...quedando sempre como preferente as vías non presenciais. Proponse a posibilidade de reunións presenciais por motivos de forza maior sempre e cando se cumpran as medidas de seguridade.

Informase tamén ao Consello Escolar da obrigatoriedade de facer reunións telemáticas.

A comunicación coas familias realizarase a través da páxina web do centro quedando os titores como encargados dunha comunicación máis fonda coas familias.

Publicase na web do centro unha versión provisional do protocolo da xunta (22/07/2020) a expensas de que saia o protocolo definitivo que espérase para o 7/09/2020. Publícase tamén una circular onde se sintetizan as medidas máis importantes para o vindeiro curso.

O equipo directivo reúnese coas representantes da ANPA onde informa da imposibilidade de facer actividades extraescolares presenciais así como explicar os cambios para o curso.

3. NOVA ORGANIZACIÓN DO CENTRO CARA O CURSO 21/22.

Seguindo as indicacións do protocolo da Xunta de Galicia continúaase coa obrigatoriedade do uso da máscara por parte do alumnado en todos os niveis educativos agás Educación Infantil.

Igualmente todo o profesorado e persoal non docente terá tamén a obriga do seu uso. Non se permitirá a entrada ao centro dos acompañantes dos alumnos salvo os da etapa de Educación Infantil, este alumnos poderán ser acompañados dunha persoa que deberá levar máscara

No caso dos trámites administrativos terán que pedir cita previa e acudir nas horas de secretaria indicadas.

Entrada

A entrada ao centro organizarase por etapas educativas, a saber:


- **Educación Infantil:** entrará polo portal pequeno e accederá ao centro as 8.50 pola porta lateral, a máis próxima as súas aulas. O alumnado será recollido por un profesor e trasladado a súa clase. O alumnado/a poderá ser acompañado por un familiar.

As familias, unha vez deixados/as nenos/as sairán polo portal da rúa Mestre D. Manual e non polo portal pequeno.


- **Educación primaria:** arredor das 8.50 accederá ao recinto polo portal grande do “Bica e arrinca”. Agardará en ringleiras co resto dos seus compañeiros ata a hora de entrada que será a partir das 9h por quendas.

Non se permite a entrada ao centro das familias. Os alumnos serán recibidos polos un ou varios profesores no portal que axudarán a que os máis pequenos non teñan dificultades en atopar o seu sitio.

- **Educación Secundaria:** entrará polo portal situado na rúa Mestre D. Manuel que estará aberto dende as 8.45. As 9h todo o alumnado de secundaria deberá estar xa nas súas clases para non mesturarse co alumnado de EP que comeza a subir as súas aulas. O alumnado accederá directamente ao centro onde será recibido por un mestre de garda que lle recordará a hixienización de mans e a correcta circulación cara as súas aulas circulando sempre pola dereita.
- O alumnado que chegue tarde avisará o profesor de garda que dará as indicacións oportunas.



Saída das familias unha vez deixados os/as alumnos/as de Educación Infantil




Saída

A saída terá lugar igualmente por etapas.

- **Educación Infantil** comezará a saída do centro a partir das 13.45h pola polo portal da rúa Mestre D. Manuel, sempre por quendas e evitando as aglomeracións.
- **Educación Primaria** comezará a saída as 13.45 comezando por 1º EP e rematando en 6º EP. A saída será pola porta do pavillón.
- **Educación Secundaria:** comezará a saída por quendas as 14.20h e sairá polo portal da rúa Mestre D. Manuel.

Para organizar as saídas haberá sempre profesorado de garda que ordenará as saídas e evitar que se formen agrupacións de alumnado no recinto.

Non se permite que ningún alumno quede xogando nos patios, as saídas terán que ser directamente ao exterior.



Recreos

Intentando manter sempre os grupos de alumnos como grupos burbulla, e dicir, grupos que non teñen contacto con nenos doutros grupos organizaranse os recreos do seguinte xeito.

- **Educación Infantil:** aproveitaran os espazos dispoñibles no centro para facer os recreos.
- **Educación Primaria:** para conseguir que os nenos dispoñan de algo de tempo de lecer no exterior tódolos días, dividirase o tempo de recreo en dúas quendas de 15 min. En cada quenda haberá no patio tres grupos separados e vixiados cada un por un profesor de garda.
- **Educación Secundaria:** o tempo de recreo dividirase igualmente en dúas quendas de 15 minutos.

A merenda terá que realizarse sempre na tempo de recreo da clase.

Circulación polo centro

A circulación no interior do centro realizarase sempre pola man dereita, pegados a parede e seguindo as indicacións dispostas.

Evitarase facer uso dos pasamáns e recomendase, sempre que sexa posible, facer uso dos pomos das portas cun pano desbotable.

Recoméndase accionar as billas dos aseos usando o cóbado do brazo.

4. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Do persoal de limpeza que xa traballaba no centro en anos pasados haberá, seguindo as indicacións da consellería, sempre unha persoa en horario de mañá para o curso 21/22.

Terase especial atención as zonas de uso común e as superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, colgadoiros, e outros elementos de similares características. Nos aseos terase especial atención as billas e cisternas.

Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e limpará os aseos polo menos 2 veces o día. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

Normas para a aula.

- O alumnado non compartirá material, téndoo recollido nun estoxo na súa mesa. Recoméndase que o material de cada neno/a veña identificado co seu nome e apelidos.
- Non se poderá facer uso dos armarios das aulas se os houbese. Os libros e cadernos dos alumnos poderán estar no seu pupitre ao longo da mañá pero deberán levalos para casa cada día para poder levar a cabo unha limpeza adecuada de cada mesa. Os alumnos de 1º e 2º de EP que si poderán deixar libros e material no pupitre.
- O alumnado de Educación Infantil poderá deixar na aula o material co que esté traballando.

As mesas e as cadeiras serán identificadas nos primeiros días do curso por cada alumno cunha etiqueta ou adhesivo identificativo.

- O alumnado de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria poderán poñer una foto súa para un mellor recoñecemento.

Os abrigos en tódolos cursos, a excepción de Infantil, teranse que colgar nas cadeiras non podendo facer uso dos colgadoiros das aulas.

- Cando os alumnos cambien de aula, deberán desinfectar as mans á entrada e saída da mesma.
- Nas aulas nas que sexa preciso o uso de material común (tales como Educación Física, Informática...), este debe ser desinfectado polo alumnado antes e despois do seu uso.
- O profesorado deberá tamén cumprir coas medidas de hixiene:
 - Realizará a hixiene de mans antes de entrar na aula.
 - Desinfectará a mesa, cadeira e material común (equipos informáticos) antes e despois do seu uso. De calquera xeito, procurará empregar o seu propio material de traballo.
 - Encargarase de abrir as ventás ao principio de cada clase para garantir una boa ventilación.
 - Serán os profesores os responsables da apertura e peche de ventás, persianas, portas, aceso de proxectores... de xeito que sexan manipuladas polo menor número de persoas posibles. Para isto, tentarase de tocar estas zonas empregando un pano desbotable humedecido con xel hidroalcohólico

Educación Física

O material estará numerado para que o alumno utilice sempre o mesmo balón, corda...que será desinfectado cando remate a clase. Adaptaranse as clases a esta “nova realidade”

Os alumnos/as que así o desexen poderán levar o seu material se iso dalles máis tranquilidade.

Tecnoloxía

Adaptaranse as actividades para tratar de evitar o uso compartido de ferramentas, de non ser posible todo o material será sempre debidamente hixenizado.

Informática

Os ordenadores desinfectaranse despois do seu uso.

Os profesores que imparten estas materias darán unhas indicacións máis extensas o comezo do curso.

Biblioteca

Serán os profesores os encargados sempre da manipulación dos libros e organizarán as quendas e os aforos da mesma.

Equipo COVID

O equipo COVID serán os profesores encargados de todas as xestións relativas o COVID no centro: comunicacións coas familias, coas administracións sanitarias e co resto do persoal docente e non docente. O equipo estará formado polo director e dous profesores máis.

Aula de illamento

O centro terá un aula de uso exclusivo para os casos relativos ao COVID. De producirse unha sospeita de que un alumno mostra sintomatoloxía compatible será acompañado a este espazo por un profesor que lle colocará unha máscara cirúrxica. Este espazo dispón de: xel hidro alcohólico, panos desbotables, papeleira de pedal e dispón ademais de baño.

5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.

Nas primeiras semanas do curso os profesores traballarán os aspectos emocionais relativos a esta “nova realidade” cos seus alumnos.

Xunto con todos os aspectos relativos a protección individual e colectiva atenderase as implicacións emocionais deste nova situación: medos, inseguridades, cambios nas conductas, uso da máscara e os seus problemas, situacións familiares...

A Orientación do centro, así como os titores, traballarán este aspecto de xeito grupal e individual se así fora necesario.

6. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL E SE FORA O CASO NON PRESENCIAL.

No primeiro mes de clase, en setembro, o coordinador de TICs a través dos profesores titores darán uns usuarios e contrasinais para acceder á aula virtual.

Publicaranse tamén na páxina web no centro unha serie de vídeos titoriais que explicarán o funcionamento das aulas virtuais de xeito sinxelo.

Calquera problema co acceso a estas aulas virtuais será solucionado polos profesores titores.